



**EXTRACTO ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 19 de xuño de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 19 de xuño de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 12/06/2017, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/2721

Vista a proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras das subvencións destinadas a financiar actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa, establecendo un prazo para presentar solicitudes de 30 días naturais cotados a partir do día seguinte á data da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. E un prazo para resolver as solicitudes que será como máximo de 2 meses.

PRP2017/2722

Dáse conta do escrito de Marta García Lago e/n Agencia Klip solicitando autorización para uso das instalacións de Fexdega para a celebración dunha feira. A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que previamente á valoración de dita solicitude deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Acreditará que se trata dunha empresa/profesional adicado á organización de eventos aportando certificación do IAE correspondente, así como de estar dado de alta na Seguridade Social.
- Aportará un plano de ocupación do recinto.
- Depositará unha fianza de 500,00€, ingresando o importe na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948).

PRP2017/2724

Dáse conta da existencia dun erro no acordo de Xunta de Goberno Local de data 17 de abril de 2017 de aprobación de orzamento presentado por **Dona M^a Angela Fernández Sánchez**



para subministro de 120 camelias de distintas variedades para a súa plantación nas xardineiras da Avda. Rodrigo de Mendoza, figurando no mesmo:

...."por un importe total de 658,56 € (IVE incluído)"...

E debendo figurar:

...."por un importe total de 672,00 € (IVE incluído)"....

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2017/2725

Dáse conta do escrito presentado por D. Emilio David Jiménez Castrillo, en representación de **Santa Lucia, S.A. Compañía de Seguros y Reaseguros**, solicitando autorización para instalar un vehículo na Praza Ravella (fronte á oficina) entre os días 19 e 30 de xuño, en horario de 10:00 a 14:00 horas e de 17:00 a 21:00 horas para realización dunha campaña publicitaria.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- **A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.**

Dar conta a Rendas.

PRP2017/2726

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de **AREVA**, solicitando autorización para instalar unha carpa e unha mesa con seis cadeiras na Praza de Galicia o día 10 de xuño de 2017 para realizar unha campaña de sensibilización de poboación sobre as consecuencias do abuso do alcohol.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/2728

Dáse conta do recurso de alzada presentado polo **C.D. Bamio** en relación á non concesión de subvención para actividades extraordinarias "Torneo Fútbol 7 Bamio".



Dáse conta do informe da Intervención Delegada da Fundación de Deportes.

A Xunta de Goberno Local acorda estimar o recurso presentado en base ao informe da Interventora da FPSDM e dado que o importe dos xustificantes de gasto correctos ascende a 851,36 €, procede conceder a subvención e ao mesmo tempo o recoñecemento de obriga por importe de 212,84 € (25% do importe do balance).

PRP2017/2729

Dáse conta do escrito presentado por **D. Jorge Miguez Paz** “Café-bar Chirin jito”, en nome propio en en representación dos titulares dos establecementos “Cafe-Bar Tablizo”, “Cafe-bar O Curruncho” solicitando autorización para a realización dun concerto ao aire na terraza dos establecementos denominados anteriormeente, na Rúa A Baldosa”, o día 23 de xuño, en horario de 22:00 a 01:30 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberán respectar o horario indicado de 21:00 a 22:30 horas.
- Deberán ocupar unicamente a zona de terraza do citado local, sen ocupar o espazo do baixo lindeiro.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/2772

Dáse conta do escrito presentado por Dona Perla Calvaruso, en representación de **CIRCO PERLA SHOW**, solicitando autorización para instalar un espectáculo acuático entre os días 23/08/2017 a 04/09/2017 na Explanada Tir ou FEXDEGA.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda denegar a autorización solicitada, posto que na memoria aportada indica que existen animais (show con animais en terrarios, xaulas ou acuarios) e os circos e espectáculos con animais están prohibidos neste Concello.

PRP2017/2788

Dáse conta de varias instancias solicitando diverso material con relación ás fogueiras de San Xoan e San Pedro.

A Xunta de Goberno Local acorda, autorizar as seguintes solicitudes:

- **Zona Aberta:** por parte de **electricidade** a instalación de cadro eléctrico, magafonía e aparello de música e instalación de focos, de **limpeza** a instalación de 3 colectores de lixo, de **obras** a instalación de 40 valos e 20 mesas, instalación e recollida de dous asadores e dous camións de madeira, de **comunicación** 150 carteis.
- **Asociación de veciños de Vilaxoán:** un palco de 12x10 metros, 10 mesas, 14 vallas e dúas carpas, un enganche eléctrico e unha guimaldas de alumeadado, a impresión de carteis e subvención para equipo de son e iluminación para a actuación dun grupo de música e para catro ducia de bombas de palenque.



- **Grupo San Roque:** un grupo de gaitas, mesas, valado e música.
- **Asociación de veciños Breogán do Piñeirño:** instan corte da Rúa innominada paralela a Camilo José Cela que entronca coa Rúa Fdez Gil y casal, acondicionamento e limpeza de solares e rúas, instalación eléctrica, permiso para colocación de hinchables e de barras para bebidas, grupo musical.
E denegar as seguintes solicitudes:
 - Solicitud de **Nuria Del Rio Rey:** 2 planchas metálicas e 6 valos para a Praza Lino Arcos Salgado (Zamar).
 - Solicitud de M^a Luisa Fernández Pesado **do local de hostalería O Mesón do Bo Viño:** a colocación dun dispensador, unha neveira e mesas e cadeiras nunha beirarrúa fronte ao seu local segundo un plano que achega coa súa solicitude.

PRP2017/2794

Vista a proposta da Tesourería Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teleservicio Instalaciones de Oficina, S.L.**, para o subministro de tres cadeiras para o Departamento de Rendas, por un importe 196,02 € (IVE incluído), con cargo á partida 931.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

- Auséntase da sesión o Sr. Alcalde D. Alberto Varela Paz, pasando a presidir a mesma Dona Tania García Sanmartín.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/2740

Dáse conta da firma do convenio para a concesión dunha subvención nominativa a “**AFASAL**” por un importe de 300,00 € con cargo á partida 231.48002, para o desenvolvemento de actuacións e atencións dirixidas a persoas con alzheimer e a súa contorna durante o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2741

Dáse conta da firma do convenio para a concesión dunha subvención nominativa a “**AREVA**” ,por un importe de 1.000,00 € con cargo á partida 231.48002, para o desenvolvemento de actividades e accións dirixidas a situacións persoais de dependencia de alcohol a persoas en procesos de rehabilitación incluíndo a súa contorna familiar, durante o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2742

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade así como o informe de coordinadora de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación das bases do Programa XANTAR NA CASA:



Onde di:
DÉCIMO....

4.a) Aquelas persoas beneficiarias do Xantar na Casa que acrediten, segundo a xustificación de ingresos recollida no artigo quinto, non superar 400,00 € netos mensuais (12 puntos no baremo de situación económica), terán unha bonificación do 50% no pagamento de cota.

Deberá dicir:

DÉCIMO...

4.a) Aquelas persoas beneficiarias do Xantar na Casa que acrediten, segundo a xustificación de ingresos recollida no artigo quinto, non superar 450,00 € netos mensuais (12 puntos no baremo de situación económica), terán unha bonificación do 50% no pagamento de cota.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/2745

Dáse conta da publicación no DOG de 2 de xuño de 2017 da Orde de 19 de maio de 2017, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de músicas non dependentes da Consellería, cun prazo de presentación de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no DOG.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2054

Vista a proposta da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **CASTROMAN I, S.L.** para o subministro de estanterías con destino á Rede Municipal de Bibliotecas, polo importe total de 4.049,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.62500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Sanidade

PRP2017/2746

Vista a proposta da Concellería Delegada de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **A&B Laboratorios de Biotecnología S.A.U.**, para subministro de material para os Cemiterios Municipais de Vilagarcía e Carril, por un importe total de 274,46 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22110.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Mercados

PRP2017/2747

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos López Ferro, en representación da **Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para a apertura da praza de abastos e celebración do mercado semanal, o día 24 de xullo de 2017, por coincidir o martes 25 de xullo en festivo.

Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.



ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2017/2753

Vista a proposta das Concellerías de Xuventude e Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o listado definitivo de solicitantes admitidos/as e excluídos/as no Campamento Urbano de Verán 2017 a levar a cabo no CEIP A Escardia, nas súas dúas modalidades: Servizo básico e complementario de comedor.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a citada listaxe.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/2748

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Ana M^a Carballal Martínez (ANIAS)** para a realización de “Obradoiros de cociña e habilidades domésticas para nenos e nenas. Verán 2017”, con cargo á subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra, a celebrar entre os días 24 de xullo e o 5 de setembro, cun descanso dunha semana (do 14 ao 18 de agosto), por un importe total de 2.800,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615. (Prox. 3 n^o 01-15-17)

Os lugares nos que se realizarán son os seguintes:

- Centro cultural O Gato Negro de Carril: os luns.
- Centro cultural de Cornazo: os martes.
- Centro cultural de Trabanca Badiña: os mercores
- Centro cultural de O Piñeiriño: os xoves.
- Centro cultural de San Roque: os venres.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2749

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, e con cargo á subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización dun “Obradoiro de Arte e Saúde” entre as mulleres especialmente vulnerables, por un importe total de 2.842,00 €, con cargo á partida 2312.22615, coa seguinte desagregación:

- D. Ismael Rodríguez Fraga, para a realización do obradoiro, por importe de 2.600,00 €.
- Clece, S.A., polo servizo de limpeza na 3^a planta da Escola Taller durante a realización do obradoiro, por importe de 242,00 €.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal. (proxecto 3 n^o 01-15-17).

PRP2017/2750

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, e con cargo á subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Daysi Alcalde Montenegro** para a realización de Obradoiros de Igualdade de Xénero para impartir ao alumnado de 4^o de ES nos centros de secundaria do Concello, por un importe total de 1.456,00 €, con cargo á partida 2312.22615.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal. (proxecto 3 nº 01-15-17).

PRP2017/2751

Dáse conta de comunicación de concesión dunha subvención da Deputación Provincial de Pontevedra para a realización do Programa de sensibilización en igualdade e recuperación persoal dende a perspectiva de xénero, por un importe de 6.856,00 € para a realización de obradoiros de “Cociña e habilidades domésticas para nenos e nenas. Verán 2017”, “Arte e Saúde” e “Igualdade de Xénero”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2795

Dáse conta da acta da xuntanza do xurado sobre as propostas presentadas á convocatoria do *XI Premio pola Igualdade na Escola*. Tal como consta na acta do xurado resultaron premiadas as seguintes Boas Prácticas:

- “Sementando Igualdade”, presentada polo EEI DE ARALDE.
- “Un mar de mulleres”, presentada polo CEIP DE RUBIÁNS
- “IGUALDADE (=DADE), presentada polo CEIP AREALONGA

A Xunta de Goberno Local acorda o aboamento de 500 € a cada un dos gañadores, con cargo á partida 2312.48100, facendo efectivo o mesmo nas contas bancarias indicadas na proposta da Área de Igualdade.

Sanidade

PRP2017/2752

Dáse conta de informe da Coordinadora do SPAD indicando que se recibiu a notificación por parte da FEGAMP de que, en data 26 de maio se deu orde de pago final do Convenio de Asistencia a Drogodependientes, asinado o 24 de novembro de 2016, por un importe de 294.314,18 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/2754

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio para a concesión dunha subvención por importe de 17.000,00 € á Asociación Curtas Film Fest, para a celebración da actividade “Curtas Film Fest 2017”, que terá lugar do 23 ao 29 de outubro, con cargo á partida orzamentaria 334.489.

PRP2017/2755

Vista a solicitude de Dona Begoña Mesejo Loureiro, como Directora da **Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 e 2 do Auditorio Municipal o día 28 de xuño de 2017, en horario de 16:00 a 21:00 horas, para a realización dunhas probas de selección de persoal, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.



De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Seminario 1: 5 horas a 10,20 €/hora: 61,20 €

- Seminario 2: 5 horas a 10,20 €/hora: 61,20 €

TOTAL: 122,40 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2017/2756

Vista a solicitude de D. José Luis Treviño Torres, en representación de **ED AROUSA S.D.** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 27 de xuño de 2017, en horario de 16:00 a 21:00 horas, para a celebración dun evento de final de temporada, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Deberá presentar na Concellería de Cultura seguro de responsabilidade civil e accidentes para esta actividade, así como copia do aboamento do mesmo.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

PRP2017/2757

Vista a solicitude de Dona **M^a Dolores García Lafuente**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Xoán en O Piñeiriño, o día 23 de xuño de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural Nós de Sobradelo, por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/2758

Vista a solicitude de D. Manuel Freire Neo, en representación de **ASOCIACIÓN CORAL ROSALÍA DE CASTRO** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 29 de setembro de 2017, durante todo o día, para a celebración dun festival de corais, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.



Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Deberá presentar na Concellería de Cultura seguro de responsabilidade civil e accidentes para esta actividade, así como copia do aboamento do mesmo.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/2759

Dáse conta do escrito da Deputación Provincial de instrucións para tramitar os anticipos e recordatorio do prazo de xustificación do Plan Concellos 2017 (líña 3): Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, que remata o día 31 de decembro do 2017. Sendo o prazo de xustificación de dous meses a contar dende o día seguinte ao da finalización da actividade realizada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2760

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a Memoria Valorada das obras de “Pluviais en Rúa Loureiro”, redactada polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Oscar Álvarez González, cun orzamento de execución por contrata de 24.498,23€, con cargo á partida 161.62900 (proxecto obra nº 03/19/16).

PRP2017/2761

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 1 de xuño de 2017 de modificación das características do subministro de “4 coches de pedais e dos remolques de asentos adicionais para o parque infantil de tráfico”, e o cambio de orzamento que pasa de 2.111,02€ a 3.000,00€ o que supón un incremento de 888,98€ que será asumido polo Concello con cargo á partida 132-213, dentro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2016).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2762

Dáse conta da tramitación de licitación, a través da Plataforma de licitación electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), do contrato menor por razón de contía, con invitación ás seguintes empresas: Fachadas García, S.L.; Constrcciones Jacinto Vidal, S.L.; Edificaciones Obelisco, S.L. e Grupo Oresa, S.L. presentándose as seguintes:

Licitador	Oferta (sen IVE)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Fachadas García, S.L.	3.291,91 €	691,30 €	3.983,21 €
Constrcciones Jacinto Vidal, S.L.	2.680,30 €	562,86 €	3.243,16 €

Visto o que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local acorda a adopción do seguinte acordo:



Adxudicar o contrato menor de obras denominado “Reparacións varias na parte exterior da Oficina Municipal de Vilaxóan”, á empresa Construcciones Jacinto Vidal, S.L. (B36157857), por importe (IVE excluído) de 2.680,30 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 562,86 € o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 3.243,16 €, de acordo coa súa oferta sendo o único criterio de adxudicación o prezo.

PRP2017/2789

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 13 de marzo de 2017, aprobouse a memoria valorada denominada “Melloras no alumeadado público no parque empresarial de O Pousadoiro”, redactada polo enxeñeiro técnico industrial D. Óscar Álvarez González, cun orzamento de 58.577,31€ (IVE engadido).

De acordo coa Orde do 27 de xaneiro de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOGA nº 35 do 20 de febreiro de 2017), solicitouse subvención por importe do 80% do orzamento, colaborando o concello cunha achega de 11.715,46€ (20% do orzamento).

Dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria, recibíuse requirimento de emenda no senso de corrixir a memoria remitida ao ter unhas luminarias fora do límite do polígono empresarial.

Polo enxeñeiro técnico redactor do proxecto, redactouse unha nova memoria técnica denominada “Melloras no alumeadado público no parque empresarial de O Pousadoiro” rev.1, por un importe de 45.943,00€ (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 9.648,03€ o que totaliza un prezo (IVE engadido) de 55.591,03€, que corrixo o defecto detectado.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar a memoria valorada denominada “Mellora no alumeadado público no parque empresarial de O Pousadoiro” rev.1, redactada polo enxeñeiro técnico industrial, D. Óscar Álvarez González, cun orzamento total (IVE engadido) de 55.591,03€.
2. Trasladar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a citada memoria valorada, modificando a solicitude de subvención nos seguintes termos:
 - a) Solicitar unha subvención por importe de 44.472,82€ (80% do orzamento da memoria valorada).
 - b) Colaborar do financiamento da inversión cunha achega municipal de 11.118,21€ (20% do orzamento da memoria valorada).

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/2800

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de maio de 2017, por un importe total de 4.510,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	7	110	770
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	7	110	770
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	7	110	770
D. TOMÁS FOLE DÍAZ	2	110	220
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	1	110	110
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	1	110	110
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	2	110	220



D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	2	110	220
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	2	110	220
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	2	110	220
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	1	110	110
D. MIGUEL ALVES LAGO	2	110	220
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ	1	110	110
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	2	110	220
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	2	110	220
TOTAL			4510

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.